

## A billa baixo a auga

Facía calor para a época do ano. O avó estaba sentado ao sol coa mirada fixa no baleiro que tiña diante e só podía recordar o pasado. Aínda lembraba cando lles cambiaron a aldea de sitio para construír o encoro; con el, a súa infancia quedou baixo a auga. Agora, a falta de chuva traíalle de volta aqueles recordos que só se conservaran na súa cabeza: as rúas polas que transitaban os seus veciños, o bar da praza, a ponte pola que cruzaban as vacas de volta dos prados... Ós seus fillos vailles ben na cidade e ían velo as fins de semana; outro tema eran os netos, non ían de boa gana porque alí estaban aburridos. Eles convencérono para que construíse unha piscina (aínda que había unha municipal) e que convertese a horta nun xardín que sempre está verde grazas aos aspersores. O son do motor dun coche sacouno dos seus pensamentos. Eran os seus netos que viñan velo. Non botaba de menos a vella aldea, agora baixo a auga, unicamente pensou, que vai ser deles cando teñan que converter a piscina nun encoro?